

Acercándonos

á *POESÍA* de

CELSO EMILIO FERREIRO

Centenario 2012

CELSO EMILIO FERREIRO, poeta

1.- BIOGRAFÍA.

2.- OBRAS.

3.- SOBRE OUTROS ESCRITORES.

4.- ANTOLOXÍA DE POEMAS:

4.1.- De Celso Emilio Ferreiro:

- Longa noite de Pedra (musicado en linguaxe de signos)
- Modestia fora
- Canción
- O neno (musicado)
- O neno preguntaba
- Spranza
- Spiritual (musicado, en castelán)
- Irmaus (musicado)
- María Soliña (musicado)
- Cantiga para durmir a un neno (musicado)
- Agardarei (musicado)

4.2.- De Rosalía de Castro:

- Adiós ríos, adiós fontes (musicado)

4.3.- De Álvaro Cunqueiro:

- No niño novo do vento (musicado)

4.4.- De Manuel María:

- O carro (musicado)
- Galicia (musicado)
- O meu burriño (musicado)
- O meu barco (musicado)
- O sol (musicado)
- O río (musicado)

1.- BIOGRAFÍA.

Celso Emilio Ferreiro naceu en Celanova no ano 1912 (en Celanova tamén nacera 60 anos antes Curros Enríquez). Estudou cos Padres Escolapios, dos que recibiu unha sólida formación cultural.

Estivo relacionado dende moi novo co movemento nacionalista; e a comezos dos anos 30 afiliouse ás Xuventudes Galeguistas para iniciar unha actividade política e literaria que estaría sempre marcada polo compromiso coa súa Galicia natal.

Durante a guerra civil, Celso Emilio estivo condenado a morte; e nas catro noites que pasou na cadea escribiu o poema "Longa noite de pedra", poema central dun libro seu que leva o mesmo título.

Finalizada a guerra, estudou Maxisterio e Dereito en Santiago de Compostela. Aínda que rematou a carreira de Maxisterio, nunca chegou a exercer como mestre.

Casou con Moraima e o matrimonio pasou a vivir a Pontevedra.

Establecido en Vigo dende 1949 como procurador, escribiu unha biografía de Curros Enríquez. En Vigo publicou tamén "O soño asulagado" (1954); colaborou en varias revistas e dirixiu a colección de poesía "Salnés", onde se deu a coñecer, en 1962, "Longa noite de pedra".

O efecto desta obra na sociedade galega foi enorme; esgotouse en poucos días e se propagou multicopiada de man de man, marcando un fito na historia da nosa literatura.

En 1966, respondendo a un convite da xente emigrada, marchou a Caracas. Escribe "Viaxe ao país dos Ananos" (1968), polémico poemario co que inicia un rexistro satírico na súa produción literaria.

En 1973 instálase en Madrid, onde desenvolveu unha intensa tarefa en pro da cultura e a literatura galegas, dedicándose por completo á actividade literaria e xornalística. Nesta época escribe os poemarios "Cimiterio privado" (1973) e "Onde o mundo se chama Celanova" (1975).

Celso Emilio Ferreiro morreu en Vigo no verán de 1979.

Entendía que a poesía podía ser un instrumento eficaz para transformar a realidade; e coa súa obra adoptou sempre unha actitude de compromiso no espertar da consciencia colectiva do país galego nun momento tan delicado para a cultura e sociedade galegas.

2. - OBRAS.

Poesía:

- Cartafol de poesía (1935)
- O soño sulagado (1954)
- Longa noite de pedra (1962). Esta é a súa obra máis significativa e lle deu nome a toda unha época da historia contemporánea de Galicia.
- Viaxe ao país dos ananos (1968)
- Cantigas de escarnio e maldicir (1968)
- Terra de ningures (1969)
- Cemiterio privado (1972)
- Antipoemas (1973)
- Onde o mundo se chama Celanova (1975)

Narrativa:

- A fronteira infinda (1972)
- A taberna do galo (1978).

3. - SOBRE OUTROS ESCRITORES.

- ROSALÍA de CASTRO (1837-1885)

A súa vida está moi relacionada coa localidade de Padrón. Unha das súas obras máis coñecidas é "Cantares Gallegos". A esta obra pertence o poema Adiós ríos, adiós fontes. Esta poetisa foi unha relevante escritora do Rexurdimento galego .

- CURROS ENRÍQUEZ (1851-1908)

Naceu en Celanova, localidade natal tamén de Celso Emilio Ferreiro. Outra gran figura do Rexurdimento galego. Autor de "Aires da miña terra".

- **EDUARDO PONDAL** (1835-1917)

Outro escritor relevante do Rexurdimento galego. Autor, entre outras, da obra "Queixumes dos Pinos". Nesta obra se encontra o poema *Os Pinos*, letra do himno galego.

- **CASTELAO** (1886-1950)

Naceu na localidade de Rianxo. Autor de "Cousas".

- **ÁLVARO CUNQUEIRO** (1911-1981)

Entre outras obras, escribiu "Cantiga nova que se chama riveira", á que pertence o poema No niño novo do vento.

- **MANUEL MARÍA** (1929-2004)

Autor da obra poética "Os soños na gaiola". Nesta obra se atopan os poemas O carro e Galicia.

- **MARILAR ALEIXANDRE** (1947-...)

"A banda sen futuro" é unha das súas numerosas obras literarias.

- **MANUEL RIVAS** (1957- ...)

"O lapis do carpinteiro" é unha das súas obras narrativas máis coñecidas.

4.- ANTOLOXÍA DE POEMAS:

4.1.- De Celso Emilio Ferreiro:

LONGA NOITE DE PEDRA

O teito é de pedra.
De pedra son os muros
i as tebras.
De pedra o chan
i as reixas.
As portas,
as cadeas,
o aire,
as fenestras,

as olladas,
son de pedra.
Os corazóns dos homes
que ao lonxe espreitan,
feitos están
tamén
de pedra.
I eu, morrendo
nesta longa noite
de pedra.

MODESTIA FORA

Nacín (modestia fora)
nun lugar onde o mundo
se chama Celanova.

Moitas vegadas
a miña nai contóumo.
O día que ti naciche
houbo estranas sinais no ceo.
Outo era entón o vento de xaneiro,
as pombas do solpor tornaban lentas
na serán sosegada.
Arpas invisíbeles,
penduradas das torres centinelas,
mentían un rumor de frautas doces.
Cando chegou a noite envolta en nardos
coutóu a derradeira luz do día
que aguniaba alá lonxe
como brasa mortiza dun rescaldo.
(Como brasa mortiza
ten sido a miña vida,
como brasa mortiza dun rescaldo.
Por eso vivo coa angueira
de non saber si son lume
ou si son samente fume
dunha remota fogueira.)

CANCIÓN

O vento cantaba
unha lembranza .

O mozo cantaba
unha esperanza.

O neno cantaba
unha louvanza.

Pobo meu: pois que cantas,
érguete i anda.

O NENO

Había un lume aceso
na casa dos abós.
Agora ben comprendo
que o lume eramos nós.
O pai que contaba unha
historia medoñenta.
A nai sorría, pois
a historia n-era certa
Afora, nos camiños
refungaba o corisco.
Unha irmá preguntaba
polos pobres de Cristo.

O vento nevoeiro
agallopaba a chaira.
¿Onde están esta noite
os que non teñen casa?
O bosco era un misterio
rumoroso e lonxano.
O irmau máis pequeno
preguntaba calado.

Agora é xa un home,
e sigue preguntando.

O NENO PREGUNTABA

¿De que lugar iñoto vén o vento
e onde se vai o vento cando marcha?
¿Quen lle ensinou ao vento xeografía?
O neno preguntaba.
¿Dorme o vento no mar ou nas estrelas?
¿Dorme no val ou dorme na montaña?
¿Dorme no colo verde dos piñeiros?
O neno preguntaba.
¿Sabe que hai Dios o vento?
O neno preguntaba.
Ise vento que xoga cos meus rizos
¿será o anxo da garda?
¿Será o vento a voz dos que están mortos?
O neno preguntaba,
pero o vento
fuxía indiferente pola gándara.

SPRANZA

Erguerémola espranza
sobre ista terra escura
coma quen ergue un facho
nunha noite sin lúa.
Marcharemos cinguidos
polos duros segredos
dunha patria soñada
á que non voltaremos.
Non sabrán o camiño
que pra entón colleremos.
Longos ríos de brétema,
longos mares de tempo.
Tripulantes insomnes,
na libertá creemos.

Viva, viva, decimos
aos que están no desterro
e soñan cun abrente
de bandeiras ao vento.
Adictos da saudade
que levades a luz polos vieiros.

¡Saúde a todos,
compañeiros!

SPIRITUAL

Cicáis mañá,
cando a miña mirada
non abrolle na luz ,
veña a soedá.

Máis hoxe canto á libertá
e mentras canto
non estou isolado,
que o corazón me leva
e con il vou falando.

Bebo a diario paisaxe
nos amenceres líricos.
As campanas do mar
están feitas de lirios.

O soño é un paxaro
que aniña nos latexos.
espiritualA chuvia é unha bandeira
pendurada do vento.

Non importan as verbas
que berran os nemigos,
nin as torvas olladas
dos batracios cativos.

Vivo ledo no lume
diante a porta da noite.
Teño cumios de estrelas
e canto para os homes.

Lévame o corazón
por unha longa estrada.
E nos meus pulsos van
dúas pequenas mapoulas de auga.

SPIRITUAL

(adaptación ao castelán polo grupo Aguaviva co título: CANCIÓN DEL HOMBRE LIBRE)

Quizás mañana,
cuando mi mirada
no brote en la luz,
como pobre amapola
de agua venga la soledad.
pero hoy canto en libertad;
y, mientras canto,
no estoy aislado.
pues el corazón va conmigo
y con él hablo.

viviré como el fuego,
encendido en la noche;
tendré cumbre de estrellas;
cantaré para los hombres.

beberé el paisaje,
en un amanecer de lirios;
las campanas del mar,
en los vientos fugitivos.
cada momento, un pájaro;
cada pulso, un latido;
una espada de lluvia,

cortando la flor del viento.
viviré...
ni las miradas torvas,
ni los labios esquivos,
ni los vientos enemigos,
ni los hombres miserables.
viviré...
el corazón es quien manda
y yo obedezco.

IRMAUS

Camiñan ao meu rente moitos homes.
Non os coñezo. Sonme estranos.
Pero tí, que tealcontras alá lonxe,
máis alá dos desertos e dos lagos,
máis alá das sabanas e das illas,
coma un irmáu che falo.
Si é túa a miña noite,
si choran os meus ollos o teu pranto,
si os nosos berros son igoales,
coma un irmáu che falo.
Anque as nosas palabras sean distintas,
e ti negro i eu branco,
si temos semellantes as feridas,
coma un irmáu che falo.
Por enriba de tódalas fronteiras,
por enriba de muros e valados,
si os nosos soños son igoales,
coma un irmáu che falo.
Común temos a patria,
común a loita, ambos.
A miña mau che dou,
coma un irmáu che falo.

MARIA SOLIÑA

Polos camiños de Cangas
A voz do vento xemía:

Ai, que soliña quedaches,
María Soliña.
Nos areales de Cangas,
Muros de noite se erguían:
Ai, que soliña quedaches,
María Soliña.

As ondas do mar de Cangas
Acedos ecos traguían:
Ai, que soliña quedaches,
María Soliña.

As gaivotas sobre Cangas
Soños de medo tecían:
Ai, que soliña quedaches,
María Soliña.

Baixo os tellados de Cangas
Anda un terror de auga fría:
Ai, que soliña quedaches,
María Soliña.

CANTIGA PARA DURMIR A UN NENO

Celanova ten un vento,

Celanova un vento ten,

un vento peleriñante,

un vento que vai e ven.

Un vento que mais que vento

é un teimoso roncón

fungando polos tellados

con grave e tristeiro son.

Iste vento vagamundo,

vai coa lúa, ven co sol,

vai cos mozos, ven cos vellos,

vai coa neve, ven coa frol.

Vai coas nubes viaxeiras

por camiños de romaxe.

Ven co pandeiro da chuvia

repenicando a paisaxe.

De día vai cos paxaros

i anda a brincar polas hortas.

De noite ven cos morcegos

i anda a petar polas portas.

Meu neno, no teñas medo,

que iste vento é meu amigo

i anque rosma polas rúas

non te levará consigo.

Vento que vas á ventura,

¿non ollas cómo che aceno?

Vaite de aquí paseniño,

deixa dormir ó meu neno.

¿Onde se marchou mi padre

o ventiño reiseñol,

ventiño de doce gaita,

ónde se fo co seu fol?

O vento atópase canso

do seu constante bulir.

Deitouse nos piñeirales,

coma nun berce, a dormir.

I o vento que rebulía,

Celanova xa o non ten.

O meu neno está durmido

i o vento dormiu tamén.

AGARDAREI

Teño o corazón senlleiro
e orfo na noite fría.

Non importa agardarei
polo albor dun novo día.

Teño lobos, teño sombras,
teño a sorte fuxidia.

Non importa agardarei
polo albor dun novo día.
Está mudo o reisiñor
que outrora cantar soía.
Non importa agardarei
polo albor dun novo día.
Que está comigo a esperanza
fiando fía que fía.
Ela fía i eu confío
no albor dun novo día.
Non importa agardarei
polo albor dun novo día.

4.2.- De Rosalía de Castro:

ADIOS RIOS ADIOS FONTES

Adiós, ríos; adiós, fontes;
adiós, regatos pequenos;
adiós, vista dos meus ollos:
non sei cando nos veremos.

Miña terra, miña terra,
terra donde me eu criei,
hortiña que quero tanto,
figueiriñas que prantei;

prados, ríos, arboredas,
pinares que move o vento,
paxariños piadores,
casiña do meu contento;

muíño dos castañares,
noites craras de luar,
campaniñas trimbadoras,
da igrexiña do lugar;

amoriñas das silveiras
que eu lle daba ó meu amor,
camiñiños antre o millo,
¡adiós, para sempre adiós!

¡Adiós gloria! ¡Adiós contento!
¡Deixo a casa onde nacín,
deixo a aldea que conozo
por un mundo que non vin!

Deixo amigos por estraños,
deixo a veiga polo mar,
deixo, en fin, canto ben quero...
¡Quen pudiera non deixar!...

4.3.- De Álvaro Cunqueiro:

NO NIÑO NOVO DO VENTO

No niño novo do vento
hai unha pomba dourada,
meu amigo!
Quén poidera namorala!

Canta ao luar e ao mencer
en fruta de verde olivo.
Quén poidera namorala,
meu amigo!

Ten áers de frol recente,
cousas de recén casada,
meu amigo!
Quén poidera namorala!

Tamén ten sombra de sombra
e andar primeiro de río.
quén poidera namorala,
meu amigo!

4.4.- De Manuel María:

O CARRO

Non canta na Chá ninguén,
por éso, meu carro canta,
canta o seu eixo tan ben
que a señoardade me espanta.
Non hai canto tan fermoso:
fino coma un asubío,
anque é, as vegadas, saudoso
faise no ar rechouchío.
O meu carro é cerna dura:
sábese carballo e freixo.
¡Qué fermosa e a súa feitura!
¡Qué lixereza a do eixo!
As cousas vanse aledando
por onde meu carro pasa.
¡Carrétame herba pro gando!
¡Traime a colleita pra casa!

GALICIA

Galicia docemente
está ollando o mar:
ten vales e montañas
e terras para labrar!

Ten portos, mariñeiros,
ciudades e labregos
cargados de traballos,
cargados de trafegos!

Galicia é unha nai
velliña, soñadora:
na voz da gaita rise,
na voz da gaita chora!
Galicia é o que vemos:
a terra, o mar, o vento...

iPero hai outra Galicia
que vai no sentimento!

Galicia somos nós:
a xente e maila fala
iSe buscas a Galicia
en ti tes que atopala!

O MEU BURRIÑO

Arre, icorre,
meu burro trotón,
meu burriño manso,
meu burriño bon!

- iCorre meu burriño;
non gallopes, voa!
iA ver si lle ganas
o vento que zoa!

- iArre meu burriño!
non seas perguiceiro!
iA ver si lle ganas
o vento lixeiro...!

- iCorre meu burriño,
nos cascos pon ás!
iSi queres, ó vento
deixarás atrás...!

- iArre, meu burriño!
iCorre mais deprisa!
iQue si perde o vento
xa verás que risa...!

O MEU BARCO

Teño un barco de xoguete
e nel me quero embarcar.
Polos mares dos meus soños
iquen me verá navegar!

Navegarei por mil ríos,
sete mares hei cruzar.
iNo meu barco de xoguete
cansarei de viaxar...!

iNo meu barco de xoguete,
mariñeiro e capitán...!
iNon teño medo ó trebón
nin me asusta o furacán!

iO meu barco de xoguete!
iO meu barco moito val:
verei terras, verei illas,
verei mares de coral...!

iAndiven tódolos mares!
iXa cansei de navegar
co meu barco de xoguete
sin salir do meu fogar!

O SOL

O sol chámase Lourenzo
i é un señor moi finchado
que está no outo do ceio
todo o día relumbrando.

Vai vestido de marelo
leva chaleque encarnado.
Moi seguro de si mesmo
o seu calor nos vai dando.

O sol chámase Lourenzo
i é un señor moi señalado.
iSi non fora polo sol
estaría o mundo xeado!

Soio o sol manda no ceio,
moi solemne, moi barbado.
iAs súas barbas son os raios
con que nos vai alumando.

O RÍO

O río pasa correndo,
non se para con ninguén.
O río canta pras cousas
e canta pra min tamén.

iO río canta pras albres
paxareiras da ribeira!
iO río canta pros prados
e pras nubes viaxeiras!

A todos di o seu cantar
con escuro e craro son.
iA todos di o seu cantar
anque llo escoiten ou non!

Non lle preguntes ó río
a onde vai, de onde ven.
iO río pasa correndo!
iO río non se entretén!
O río pasa correndo,
nunca deixa de pasar.
iVai decindo a súa canción
e non se pode parar!

